

Xosé Monteagudo: "Asumir o punto de vista de Agapito Pazos para esta novela foi un reto como escritor"

04/dec/12

Agapito Pazos pasou toda a súa vida nunha habitación de hospital. Cando, co seu falecemento en 2010, a prensa reproduciu a súa historia, o escritor Xosé Monteagudo atopou o que lle pareceu un punto de vista moi literario. E escribiu «case do tirón» 'O curioso mundo das persoas normais'. O martes 11 de decembro asinará exemplares en Cronopios

Tíñalle medo ás gaivotas. A Agapito Pazos (Pontevedra, 1930-2010) causábanlle pánico. O dato real foi un dos poucos que aproveitou Xosé Monteagudo (Moraña, 1965), licenciado en Dereito e funcionario na Axencia Tributaria en Pontevedra, gañador dos premios Blanco Amor en 2002 e García Barros en 2009, para escribir a súa última novela, 'O curioso mundo das persoas normais' (Galaxia), inspirada libremente no que foi o paciente máis veterano do Hospital Provincial de Pontevedra, abandonado aos tres anos á porta do centro e que pasou nel toda a súa vida. Despois de presentar o título oficialmente no Culturгал a pasada fin de semana, Xosé Monteagudo estará asinando exemplares o martes 11 de decembro na librería Cronopios (20.00 horas, aberto ao público).

Como coñeceu a historia de Agapito Pazos?

Pois como moita outra xente, cando faleceu e apareceu nos xornais. Máis tarde escoitei dicir que, en realidade, se levara con moita discreción o que foi a súa estancia no Hospital Provincial, o que eran as súas circunstancias particulares, para non perturbarlo con interferencias do mundo exterior na súa rutina.

E quedou impactado.

Dende o primeiro momento. Pareceume absolutamente sorprendente, conmovedor, que unha persoa pasase 77 anos da súa vida nun hospital, metido nun cuarto e vendo a vida pasar, dende que era un cativiño ata que morreu, nese espazo. Empecei a reflexionar inmediatamente sobre que perspectiva histórica podía ter esa persoa cunha existencia tan impresionante.

Precisamente di a editorial que fai «un repaso a boa parte do século XX». Sen saír dun cuarto?

Claro. Agapito Pazos seica ingresou arredor do ano 33. O meu personaxe faino un pouquiño antes porque quería que tivese certa consciencia a mediados desa década, que puidese percibir cousas que pasaban digamos por exemplo no 36, ao comezo da Guerra Civil. Con el o lector vai vivir todos os cambios sociais e históricos que se produciron ao longo de todo o século XX, que foron brutais. E sen saír á rúa. O reto para min era tamén este: ser quen de contar a historia sen resultar...

Aburrido.

Exactamente, sen aburrir. E que, se o personaxe non se move dun escenario que é o cuarto dun hospital, non se move en realidade nin tan sequera da cama, tes unha dimensión completamente diferente para unha historia. De feito, a orixe desta novela está no momento en que descubro este punto de vista. Era iso o que buscaba para comezala.

É o seu punto de vista, pero non está narrado en primeira persoa.

Claro, non podía estar narrado en primeira persoa porque o meu personaxe, a parte de ter unha eiva física, é tamén unha persoa cunha discapacidade mental. É imposible que vaia racionalizando o que acontece.

Pero esta non é unha biografía de Agapito Pazos. Nin sequera unha recreación libre dela.

Non, non. Non me interesaba escribir unha crónica sobre Agapito Pazos neste caso. Eu escribín unha novela. Todo é ficción. A nova do falecemento deste home deume a idea e así o recollo nunha nota ao final da historia que conto. O meu protagonista comparte efectivamente algunhas cousas con el. Pero ata aí.